



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.concellodepadron.es
Tf: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

40.- TAXA POLA OCUPACIÓN DE POSTOS (CASETAS) NO MERCADO CUBERTO. MANUEL ABAL MOURIÑO.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 14 de novembro de 2016:

<<Antecedentes Administrativos:

Primeiro: Vista a proposta da Alcaldía de data 28 de outubro de 2016 solicitando ó departamento de Tesourería que practique a liquidación provisional da taxa pola ocupación de postos (casetas) no mercado cuberto ós titulares das mesmas, que non efectuaron ingreso dentro do exercicio económico 2016.

Segundo: Visto o Informe-proposta da Tesoureira Municipal de data 31 de outubro de 2016 de liquidación da taxa correspondente.

Fundamentos de dereito:

Primeiro: Visto o establecido na ordenanza fiscal nº 13 reguladora da taxa pola ocupación de postos (casetas) no mercado cuberto.

Segundo: Visto o artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998 sobre delegación de competencia na Xunta de Goberno Local.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO: Aproba-la liquidación provisional da taxa pola ocupación de postos (casetas) no mercado cuberto ó titular da mesma don Manuel Abal Mouríño, de acordo co seguinte detalle:

Ano 2016

CONCEPTO	IMPORTE EUROS
Por ocupación de caseta nº 13 na praza 3 durante o ano 2016	700,59 €

SEGUNDO: Notificar o presente acordo ó interesado coa indicación de que pon fin a vía administrativa e contra o cal poderá interpoñer os seguintes:

RECURSOS: Contra esta liquidación poderá interpoñer ante o Sr. Alcalde, o recurso de reposición, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ó da notificación, ó que se refire o artigo 108 da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, tal e como preceptúa o artigo 14 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, debendo ter en conta as condicións e circunstancias previstas neste artigo.

Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo que corresponda, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ó da notificación.

Se a resolución non fose expresa, o prazo para interpoñer este recurso será de 6 meses contados a partir do día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto.

Asemade, advírteselle de que tamén poderá utilizar calquera outro recurso que estime pertinente, así como exercer as accións que procedan ante a xurisdicción competente.

PAGAMENTO DA LIQUIDACIÓN: Nas contas que o Concello ten aberta en tódalas entidades bancarias do Municipio de Padrón, no seguinte prazo, segundo o disposto no artigo 62.2 de Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral tributaria:

-Para as liquidacións notificadas entre os días 1 e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día 20 do mes posterior, ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

-Para as liquidacións notificadas entre o día 16 e o último de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día 5 do segundo mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Transcorridos os prazos anteriores, sen ter efectuado o ingreso, procederase ó seu cobro pola vía administrativa de apremio, tendo en conta os seguintes recargos regulados no artigo 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria:

-Recargo executivo do 5% sobre a totalidade da débeda e sen xuros de demora.

Aplicarase cando se satisfaga a totalidade da débeda non ingresada no período voluntario, antes da notificación da providencia de prema.

-Recargo de apremio reducido do 10% sobre a totalidade da débeda e sen xuros de demora. Aplicarase cando se satisfaga a totalidade da débeda non ingresada en período voluntario e a propia recarga, antes da finalización do prazo de pago para as débedas apremiadas.

-Recargo de apremio ordinario do 20% sobre a totalidade da débeda, con xuros de demora. Aplicarase cando non concurran as circunstancias anteriores.

TERCEIRO: Dar traslado do presente acordo ao departamento de Tesourería.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 14 de novembro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

41.- TAXA POLA OCUPACIÓN DE POSTOS (CASETAS) NO MERCADO CUBERTO. FRANCISCO PATIÑO BLANCO.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 14 de novembro de 2016:

<<Antecedentes Administrativos:

Primeiro.- Vista a proposta da Alcaldía de data 28 de outubro de 2016 solicitando ó departamento de Tesourería que practiquen a liquidación provisional da taxa pola ocupación de postos (casetas) no mercado cuberto ós titulares das mesmas, que non efectuaron ingreso dentro do exercicio económico 2016.

Segundo.- Visto o Informe-proposta da Tesoureira Municipal de data 31 de outubro de 2016 de liquidación da taxa correspondente.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Visto o establecido na ordenanza fiscal nº 13 reguladora da taxa pola ocupación de postos (casetas) no mercado cuberto.

Segundo: Visto o artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998 sobre delegación de competencia na Xunta de Goberno Local.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO: Aproba-la liquidación provisional da taxa pola ocupación de postos (casetas) no mercado cuberto ó titular da mesma don Francisco Patiño Blanco, de acordo co seguinte detalle:



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Año 2016

CONCEPTO	IMPORTE EUROS
Por ocupación de 2 casetas nº 3 e 12 na praza 3 durante o ano 2016	1401,18 €

SEGUNDO: Notificar o presente acordo ó interesado coa indicación de que pon fin a vía administrativa e contra o cal poderá interpoñer os seguintes:

RECURSOS: Contra esta liquidación poderá interpoñer ante o Sr. Alcalde, o recurso de reposición, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ó da notificación, ó que se refire o artigo 108 da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, tal e como preceptúa o artigo 14 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, debendo ter en conta as condicións e circunstancias previstas neste artigo.

Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo que corresponda, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ó da notificación.

Se a resolución non fose expresa, o prazo para interpoñer este recurso será de 6 meses contados a partir do día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto.

Asemade, advírteselle de que tamén poderá utilizar calquera outro recurso que estime pertinente, así como exercer as accións que procedan ante a xurisdicción competente.

PAGAMENTO DA LIQUIDACIÓN: Nas contas que o Concello ten aberta en tódalas entidades bancarias do Municipio de Padrón, no seguinte prazo, segundo o disposto no artigo 62.2 de Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral tributaria:

-Para as liquidacións notificadas entre os días 1 e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día 20 do mes posterior, ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

-Para as liquidacións notificadas entre o día 16 e o último de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día 5 do segundo mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Transcorridos os prazos anteriores, sen ter efectuado o ingreso, procederase ó seu cobro pola vía administrativa de apremio, tendo en conta os seguintes recargos regulados no artigo 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria:

-Recargo executivo do 5% sobre a totalidade da débeda e sen xuros de demora.

Aplicarase cando se satisfaga a totalidade da débeda non ingresada no período voluntario, antes da notificación da providencia de prema.

-Recargo de apremio reducido do 10% sobre a totalidade da débeda e sen xuros de demora. Aplicarase cando se satisfaga a totalidade da débeda non ingresada en período voluntario e a propia recarga, antes da finalización do prazo de pago para as débedas apremiadas.

-Recargo de apremio ordinario do 20% sobre a totalidade da débeda, con xuros de demora. Aplicarase cando non concurran as circunstancias anteriores.

TERCEIRO: Dar traslado do presente acordo ao departamento de Tesourería.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 14 de novembro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

42.- APROBACIÓN DE DIVERSAS ACTIVIDADES DO CIM.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 15 de novembro de 2016:

<<Antecedentes administrativos.

Primeiro. En data 26 de outubro de 2016 a Directora do CIM, co visto e prace da Concelleira Delegada de área, presenta proposta relativa á realización de varias actividades para o mes de novembro de 2016

Segundo. Visto que a igualdade de dereitos entre mulleres e homes é unha necesidade esencial nunha sociedade democrática moderna que, desde todos os niveis normativos se tenta conseguir a través de diversas medidas plasmadas nos tratados internacionais, na normativa comunitaria, na nosa Constitución e na normativa legal e na regularmente interna.

Terceiro. Visto que o Centro de información ás mulleres foi concebido como órgano da Administración pública non só á prestación de asesoramento xurídico e psicolóxico senón tamén como instrumento que tivese unha proxección a todos os sectores da sociedade e cuxa finalidade primordial fose a de servir para a consecución do principio de igualdade e sensibilizar á poboación en xeral da desigualdade hacia as mulleres que aínda perdura na nosa sociedade con accións culturais, formativas e lúdicas tanto no medio urbán de Padrón como no medio rural.

Cuarto. Visto que o programa engloba actividades e xornadas de diversa índole, destinadas aos diferentes grupos poboacionais do noso Municipio, encamiñadas a promover a calidade de vida dos suxeitos sociais que viven no territorio propio, mediante propostas viables e adaptadas ao contexto no que se achán inmersos.

Quinto. Visto que o orzamento para a execución das mentadas accións formativas e lúdicas ascende á cantidade de 4.264,50 € e que existe crédito axeitado e suficiente na partida orzamentaria 2311-22605 do orzamento vixente para o 2016.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. Decreto 130/2016 do 15 de setembro de 2016 polo que se regulan os Centros de información ás mulleres.

Segundo. II Plan de Igualdade de Oportunidades do Concello de Padrón.

Terceiro. Visto que é competencias da Xunta de Goberno Local a autorización e disposición de gastos en virtude dos decretos de delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local, e tal como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín da provincia da Coruña, número 27, do 3 de febreiro de 1998.

PROPOÑO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro. Aprobar a realización das actividades con cargo á partida 2311/22605 do orzamento vixente, se acordo co seguinte detalle:

1.- BLOQUE 1: Actividades dirixidas á Comunidade Educativa

INFANTIL: 1º e 2º de primaria: Contacontos e dinámica

3º e 4º de primaria: Ruleta da Igualdade (nivel I)

5º e 6º de primaria: Ruleta da Igualdade (nivel II)

SECUNDARIA: Ciclo de cine e xénero



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

2.- BLOQUE 2: Actos conmemorativos

Campana publicitaria: Pegada e entrega de carteis solidarios

Mesas solidarias (entrega de dípticos e lazos solidarios)

Acto conmemorativo: " Este é o camiño cara a Igualdade", 27 de novembro na paraza de Macías ás 12:00 horas.

Representación teatral "O Segreso de Uxía" o domingo 27 de novembro no auditorio municipal ás 19:00 horas

3.- BLOQUE 3: Ocio inclusivo

Xornada de respiro para mulleres

Segundo. Aprobar o orzamento para a súa realización que ascende á cantidades de 4.264,50 €.

Terceiro. Notificar o presente acordo aos interesados coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación do presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 15 de novembro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

43.- APROBACIÓN DO GASTO PARA MATERIAIS DE IDENTIFICACIÓN E VISIBILIZACIÓN DO VOLUNTARIADO.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 14 de novembro de 2016:

<<Antecedentes administrativos.

Primeiro: En data 29 de outubro de 2016 a Técnica Coordinadora de Voluntariado Municipal, co visto e prace da Concelleira delegada de área, presenta proposta relativa á realización do gasto para a adquisición e reposición de materiais precisos para a identificación e visibilización do voluntariado (carnés, chapas e camisetas), cun orzamento de 1.194, 00 €, que se xunta, de Arape S.C.

Segundo: Visto que existe crédito suficiente na partida orzamentaria 2311/226.14 do orzamento vixente, e que o custe da adquisición de materiais estaba contemplado na programación anual, así como integrado na solicitude de subvención á Deputación da Coruña.

Fundamentos de dereito.

Único: Visto o artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998 sobre delegación de competencias na Xunta de Goberno Local.

PROPOÑO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro: Aprobar a realización do gasto de adquisición de materiais para a identificación e visibilización do voluntariado, que ascende a 1.194,00 € con cargo á partida orzamentaria 2311/226.14 do orzamento vixente.

Segundo: Notificar o presente acordo aos interesados coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación do presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 14 de novembro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

44.- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA DEFINITIVA POLO MONTAXE E INSTALACIÓN DE ESTADA.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 14 de novembro de 2016:

<<Antecedentes administrativos:

Primeiro: En escrito de data 9/5/2016, con NRE 3987, don Eugenio Janeiro Rey, en representación da empresa CONSTRUCCIONES GÓMEZ JANEIRO S.L., solicita a devolución da fianza depositada en metálico polo montaxe e instalación de estada na rúa Santo Domingo 22, Padrón.

Segundo: En data 28/10/2016, o Arquitecto Técnico don Jesús Baliña de Jesús emite informe en sentido favorable á devolución do citado aval toda vez que o o montaxe e desmontaxe das estadas para o cal se requiriu o aval non provocaron danos sobre os servizos públicos afectados.

Terceiro: Sometido o expediente á fiscalización da Intervención Municipal e visto o seu informe evacuado en data 14 de novembro de 2016, no que se fiscaliza de conformidade a devolución do antedito aval por considerar que se ten producido o vencemento do prazo de garantía.

Fundamentos de Dereito:

En cumprimento do disposto nos artigos 102, 235 e da 2ª do TRLCSP e no Prego de cláusulas administrativas particulares que rexeron o subministro do mencionado vehículo

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO: A devolución a CONSTRUCCIONES GÓMEZ JANEIRO S.L.da fianza depositada en metálico, mediante ingreso efectuado no Banco Sabadell S.A., por importe de 200,00 euros, presentado ao Concello de Padrón en garantía pola colocación de estada na rúa Santo Domingo, en data 04-11-2015.

SEGUNDO: Notificar o presente acordo o interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 14 de novembro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

45.- XUSTIFICACIÓN DO PAGO A XUSTIFICAR CONCEDIDO Á TRABALLADORA SOCIAL DONA Mª DOLORES QUINTÁNS LONGUEIRA, SENDO A HABILITADA PERCEPTORA DOS FONDOS A TÉCNICA



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tél: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

DE INTERVENCIÓN FAMILIAR, DONA JULIA BLANCO FERNÁNDEZ.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 15 de novembro de 2016:

<<Antecedentes administrativos:

Primeiro: Vista a xustificación do pago a xustificar solicitado pola traballadora social dona M^a Dolores Quintáns Longueira, sendo a habilitada perceptora dos fondos Técnica de Intervención Familiar dona Julia Blanco Fernández, por importe de 200,00 euros, para cubrir necesidades básicas e urxentes das unidades familiares que pola súa precariedade económica o poidan precisar, aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 08 de setembro de 2016 e cuxa xustificación se presentou o 09 de novembro de 2016, con NRE 9358.

Segundo: Visto o informe de fiscalización emitido sobre o particular pola Intervención Municipal en data 14 de novembro de 2016.

Fundamentos de Dereito:

Primeiro: Considerando que queda debidamente xustificada a aplicación dos fondos entregados en concepto de pago a xustificar, de conformidade co disposto na base nº 19 e 43 das de execución do orzamento en vigor.

Segundo: Visto o artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no BOP da Coruña nº 27 de 3 de febreiro de 1998, sobre delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO: Aproba-la xustificación rendida do pago a xustificar concedido a traballadora social dona M^a Dolores Quintáns Longueira, sendo a habilitada perceptora dos fondos a técnica de intervención familiar, dona Julia Blanco Fernández, para cubrir necesidades básicas e urxentes das unidades familiares que pola súa precariedade económica o poidan precisar, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 8 de setembro de 2016, por importe de 196,75 €, procedendo á devolución de 3,25 € mediante ingreso na conta deste Concello no Banco Sabadell Gallego en data 09/11/2016, segundo o seguinte detalle:

FACTURA Nº	PROVEDOR	IMPORTE
N000160/2016	SARA CATRAIN GONZÁLEZ	13,50 €
135	BO PROBEITO	65,00 €
24-B	MARIO CALVO ABELLEIRA	4,00 €
208-1-10/15	DISTRIBUCIONES FROIZ S.A.U.	14,25 €
151	BO PROBEITO	70,00 €
152	BO PROBEITO	30,00 €
	TOTAL	196,75 €

SEGUNDO: Notificar o presente acordo á interesada coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros

presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 15 de novembro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

46.- CONTRATO DE SEGURO DE ACCIDENTES COLECTIVOS PARA PERSOAL VOLUNTARIO DE PROTECCIÓN CIVIL.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 15 de novembro de 2016:

<<Antecedentes administrativos:

Primeiro. Considerando que en data 29 de outubro de 2016 tivo lugar o vencemento da póliza de seguro de accidentes colectivos para persoal voluntario de protección civil contratada coa aseguradora Reale Seguros Generales S.L., actuando como mediador a empresa Adina Xestión Seguros S.L.

Segundo: Vistas as ofertas solicitadas e presentadas por Susavila Correduría de Seguros S.L., en data 28/10/2016 que adxunta os orzamentos de tres compañías que se detallan a continuación, para a subscripción da póliza por período anual :

- Aseguradores Agrupados S.A. de Seguros,, por importe total de 638,91 €.
- Zurich Insurance Public Limited Company, por importe total de 1.485,70 €.
- Allianz, Compañía de Seguros y Reaseguros S.A., por importe total de 1.851,46 €.

Terceiro: Examinadas as distintas ofertas ao efecto e considerando a máis vantaxosa para os intereses do Concello a ofertada pola Compañía Aseguradores Agrupados S.A. de Seguros, actuando como mediador a empresa Susavila Correduría de Seguros S.L., cuxa prima total ascende a 638,91 euros, por un período dun ano contado a partir do vencemento da anterior póliza...

Cuarto: Considerando a intención do Concello de procecer a contratar e subscribir a correspondente póliza de seguro coa devandita aseguradora polo procedemento do contrato menor, por razón da contía e da duración do mesmo, ao abeiro do disposto nos artigos 138.3 e 111.1 do TRLCSP.

Quinto: Considerando que segundo o informe da Intervención Municipal de 15 de novembro de 2016 existe crédito axeitado e suficiente na partida orzamentaria 135/224.00 do orzamento vixente para o 2016 e fíxose a oportuna retención de crédito.

Fundamentos de dereito.

Único. Considerando que é competencia da Xunta de Goberno Local a aprobación de gastos e ordenación de pagos, en virtude do disposto no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998.

PROPOÑO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro. Aprobar o gasto de contratación da póliza de seguro de accidentes colectivos para persoal voluntario de protección civil, cunha cobertura durante o período do 30/10/2016 ao 30/10/2017, segundo a oferta presentada por Susavila Correduría de Seguros S.L., a subscribir coa empresa Aseguradores Agrupados S.A. de Seguros, por un importe total de 638,91 € e recoñecer a correspondente obriga con cargo á aplicación 135/224.00 do orzamento vixente.

Segundo. Ordenar o pago da devandita póliza a Susavila Correduría de Seguros S.L., para que efectúe o seu abono á compañía Aseguradores Agrupados S.A. de Seguros, por importe total de 638,91 €.

Terceiro. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 15 de novembro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

47.- LIQUIDACIÓN DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (I.C.I.O.). LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS DE REVISIÓN DE TELLAS E CANALÓN E REPOSICIÓN DE MORTEIRO CON PINTADO EN COR BRANCA DE VIVENDA SITA NA RÚA SANTIAGO Nº 10, FORMULADA POR DONA ELISA MILLARES VIGO. EXPEDIENTE 38/2016/LU.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 25 de outubro de 2016:

<<Antecedentes administrativos:

Primeiro: Visto que a Xunta de Goberno Local deste Concello na sesión ordinaria realizada o dezaseis de xuño do dous mil dezaseis acordou outorgar a D^a. Elisa Millares Vigo licenza municipal de obras para revisión e recolocación de tellas do aleiro e limpeza de canalón con revisión de suxeición de canalón, limpeza e reposición de morteiro de recubrimento de fachada e pintado en cor branca en vivenda sita na rúa Santiago nº 10, con referencia catastral 7722812NH2372S0001XD, expediente 38/2016/LU.

Segundo: Vista a proposta de liquidación provisional practicada polo técnico de xestión económica municipal.

Fundamentos de Dereito:

Primeiro: Visto que o artigo 100 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, establece que o ICIO é un tributo indirecto cuxo feito imponible está constituído pola realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa obtención da correspondente licenza de obra ou urbanística, téñase obtido ou non dita licenza, sempre que a súa expedición corresponda ao Concello da imposición.

Segundo: Visto que o artigo 101 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais establece que son suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuíntes, as persoas físicas, xurídicas ou entidades do artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que sean donos da construción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios do inmovible sobre o que se realice aquela, tendo dita consideración aquel que soporte os gastos ou o custe que comporte a súa realización.

E naquel suposto no que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte, terán a condición de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte quen es soliciten as correspondentes licencias ou realicen as construcións, instalacións ou obras.

Terceiro: Visto que o artigo 102 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais establece que a base imponible deste imposto está constituída polo custe real e efectivo da construción, instalación ou obra, e se entende por tal, a estes efectos, o custe de execución material de aquela e que a cuota do mesmo será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame fixado por cada Concello.

Cuarto: Visto que a ordenanza fiscal nº 6 do Concello de Padrón, reguladora do ICIO, establece no seu artigo 7 que o tipo de gravame será o 3,5% do custe real e efectivo de construción, instalación ou obra.

Quinto: Visto o artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998, sobre delegación de competencias na Xunta de Goberno Local, que establece que o Alcalde delega na Xunta de Goberno Local as atribucións delegables do artigo 61.1 da Lei

5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, entre as que se atopan autorizar e dispoñer os gastos dentro dos límites da súa competencia, ordenar os pagos, rendir as contas e o desenvolvemento da xestión económica conforme ao orzamento aprobado.

PROPOÑO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro: Aprobar a seguinte liquidación do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (I.C.I.O.) a D^a. Elisa Millares Vigo licenza municipal de obras para revisión e recolocación de tellas do aleiro e limpeza de canalón con revisión de suxeición de canalón, limpeza e reposición de morteiro de recubrimento de fachada e pintado en cor branca en vivenda sita na rúa Santiago nº 10, con referencia catastral 7722812NH2372S0001XD, expediente 38/2016/LU, de acordo ao establecido na Ordenanza fiscal número 6 reguladora do mesmo:

BASE IMPOÑIBLE	TIPO DE GRAVAMEN I.C.I.O.	CUOTA A PAGAR
310,00 €	3,50%	10,85 €

Segundo. Dar traslado do acordo adoptado ao servizo de recadación municipal.

RECURSOS: Contra esta liquidación poderá interpoñer, ante o Sr. Alcalde o recurso de reposición, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ó da notificación, ó que se refire o artigo 108 da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, tal e como preceptúa o artigo 14 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, debendo ter en conta as condicións e circunstancias previstas neste artigo.

Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo que corresponda, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ó da notificación.

Se a resolución non fose expresa, o prazo para interpoñer este recurso será de 6 meses contados a partir do día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto.

Asemade, advírteselle de que tamén poderá utilizar calquera outro recurso que estime pertinente, así como exercer as accións que procedan ante a xurisdicción competente.

PAGAMENTO DA LIQUIDACIÓN: Nas contas que o Concello ten abertas en tódalas entidades bancarias do Municipio de Padrón, no seguinte prazo, segundo o disposto no artigo 62.2 da Lei 58/2003 de 17 de Decembro, Xeral Tributaria:

Para as liquidacións notificadas entre os días 1 e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día 20 do mes posterior, ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Para as liquidacións notificadas entre o día 16 e o último de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día 5 do segundo mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Transcorridos os prazos anteriores sen ter efectuado o ingreso, procederase ó seu cobro pola vía administrativa de apremio, tendo en conta os seguintes recargos regulados no artigo 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria:

Recargo executivo do 5% sobre a totalidade da débeda e sen xuros de demora. Aplicarase cando se satisfaga a totalidade da débeda non ingresada no período voluntario, antes da notificación da providencia de prema.

Recargo de apremio reducido do 10% sobre a totalidade da débeda e sen xuros de demora. Aplicarase cando se satisfaga a totalidade da débeda non ingresada en período voluntario e a propia recarga, antes da finalización do prazo de pago para as débedas apremiadas.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Recargo de apremio ordinario do 20% sobre a totalidade da débeda, con xuros de demora. Aplicarase cando non concorran as circunstancias anteriores.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 25 de outubro de 2016 nos termos expresados anteriormente.

48.- LIQUIDACIÓN DA TAXA POLA EXPEDICIÓN DE LICENZAS URBANÍSTICAS (E.L.U.): LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS DE REVISIÓN DE TELLAS E CANALÓN E REPOSICIÓN DE MORTEIRO CON PINTADO EN COR BRANCA DE VIVENDA SITA NA RÚA SANTIAGO Nº 10, FORMULADA POR DONA ELISA MILLARES VIGO. EXPEDIENTE 38/2016/LU.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 25 de outubro de 2016:

<<Antecedentes administrativos:

Primeiro: Visto que a Xunta de Goberno Local deste Concello na sesión ordinaria realizada o dezaseis de xuño do dous mil dezaseis acordou outorgar a D^a. Elisa Millares Vigo licenza municipal de obras para revisión e recolocación de tellas do aleiro e limpeza de canalón con revisión de suxeición de canalón, limpeza e reposición de morteiro de recubrimento de fachada e pintado en cor branca en vivenda sita na rúa Santiago nº 10, con referencia catastral 7722812NH2372S0001XD, expediente 38/2016/LU.

Segundo: Vista a proposta de liquidación provisional practicada polo técnico de xestión económica municipal.

Fundamentos de Dereito:

Primeiro: Visto que o Concello de Padrón estableceu unha taxa pola prestación do servizo de outorgamento das licenzas urbanísticas esixidas pola lexislación do solo e ordenación urbana, ao abeiro do disposto no artigo 20.4h) do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Segundo: Visto que a ordenanza fiscal nº 25 reguladora da taxa por expedición de licenzas urbanísticas establece que constitúe o seu feito imponible a actividade municipal técnica e administrativa realizada para verificar si os actos de edificación e uso do solo e subsolo suxeitos a licenza municipal están de acordo coas normas urbanísticas e de edificación previstas na normativa aplicable.

Terceiro: Visto que o artigo 3 da dita ordenanza fiscal nº 25 establece que son suxeitos pasivos da taxa en concepto de contribuíntes as persoas naturais ou xurídicas e as Entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria que soliciten, provoquen ou no seu interese redunden as prestacións ás que se refire a presente ordenanza, tendo a consideración de substitutos do contribuínte nas taxas establecidas polo outorgamento de licenzas urbanísticas os constructores e contratistas das obras.

Cuarto: Visto que no artigo 5 da ordenanza fiscal nº 25 se indica que a base imponible estará constituída polo custo real e efectivo da obra civil, si se tratara de movementos de terra, obras de nova planta e modificación de estruturas ou aspecto exterior das edificacións existentes ou calquera outra obra ou instalación subsumible no feito imponible desta taxa.

Quinto: Visto que no artigo 6, relativo á cota tributaria, se indica que a mesma resultará de aplicar á base imponible o tipo de gravame do 0,5%, e en todo caso, con carácter mínimo, esixirase unha cota mínima de vinte euros.

